


ACCESO Ó LUGAR DA COMPETICIÓN



EXCLUSIVO
PARA CAZADORES FEDERADOS



MUTUASPORT

En Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e para os cazadores, sabemos cales son as túas necesidades, por iso ofrecémosche a mellor variedade de seguros de caza

- Seguro de R.C. do cazador
- Seguro de danos propios
- Seguro de R.C. dos cans
- Seguro de R.C. de competicións
- Seguro de R.C. de ganchos e monterías
- Seguro de R.C. para Tecores



Infórmate na túa sociedade,
nunha das oficinas da
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
ou na nosa web

www.federaciongalegadecaza.com

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA EN LUGO

Rua San Roque, 55 entrechán esquerda

Tlfno. 982 254 996 – Fax 982 250 042

E-mail: lugo@federaciongalegadecaza.com



Federación Galega
de Caza
Lugo

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO

Campionato Provincial de PERCORRIDOS DE CAZA DE LUGO



6 de Abril de 2014

Puntuable para a Copa Galicia

Campo de Tiro “Monte do Cristo” (Portomarín)

ORGANIZA: Federación Galega de Caza en Lugo



*“A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza”*

COMITÉ ORGANIZADOR

D. FRANCISCO LÓPEZ PENELA

Presidente da Federación Galega de Caza en Lugo

D. JOSÉ LUIS VALCÁRCEL YÁÑEZ

Vicepresidente da Federación Galega de Caza en Lugo

D. JOSÉ MANUEL VIDAL LAMELA

Secretario da Federación Galega de Caza en Lugo

DIRECTOR DE TIRO

D. JOSÉ MANUEL VIDAL LAMELA

XURADO DE COMPETICIÓN

Será nomeado no lugar e día da proba

ÁRBITROS

Serán nomeados pola Federación Galega de Caza

XURADO DE COMPETICIÓN

Designarase o mesmo día no lugar da competición.

SORTEO DE ESCADRAS E DORSAIS

O sorteo de Escadras e Dorsais do Campionato Provincial de Percorridos de Caza realizarase o día 4 de abril ás 17.00 horas na sede da Federación Galega de Caza en Lugo.

REGULAMENTO

O Campionato Provincial de Percorridos de Caza rexerase polo vixente regulamento da Federación Galega de Caza e Normas Complementarias da Federación Galega de Caza.

Tanto para participantes como xuíces será imprescindible o emprego de proteccións acústicas e ópticas.

PROGRAMA

DÍA 5 de Abril: Adestramentos

A partir das 16.00h

DÍA 6 de Abril: Competición

Concentración: Ás 8.30h

Competición: Comezo ás 9.00h

Clausura: Ás 15.00h, xantar e entrega de trofeos

INSCRICIÓN

Poderán participar tódolos tiradores federados que o desexen, mais só terán dereito a clasificación os tiradores que representen a Sociedades Federadas de Lugo, participando o resto con dereito a premios soamente.

As inscricións realizaranse ata o día 3 de abril ás 12.00h, por teléfono: 982254996, Fax: 982250042, por correo electrónico: lugo@federaciongalegadecaza.com ou persoalmente nas oficinas da Federación Provincial na rúa San Roque, 55 entrechán esq. (LUGO).

Para poder participar será obrigatorio a presentación da tarxeta federativa ou documento único en vigor (poderán adquirir a tarxeta federativa os tiradores que non dispuxesen dela no momento).

PREZO DAS INSCRICIÓN (incluído xantar)

- 60€ en categoría Senior
- 40€ en categorías Donas, Veteranos e Xuvenil
- 60€ inscrición por libre (sen dereito a clasificación pero si trofeos)

CATEGORÍAS

SENIORS: Tiradores nados entre o 01/01/1959 ao 31/12/1993

XUVENÍS: Nados despois do 31/12/1993

VETERANOS: Nados entre o 1/1/1949 a 31/12/1958

SUPER-VETERANOS: Nados antes do 31/12/1948

O Comité Organizador resérvase o dereito a modificar o presente programa se Circunstancias excepcionais así o aconsellan